

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA
PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR.

ARTIGO 1º. Concepto.

Ó abeiro do establecido nos artigos 117, 48 e 41.B da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, e no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ó Concello, na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, polos artigos 4, 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establécese o prezo público pola prestación de servizos de Axuda no Fogar.

ARTIGO 2º. Obrigados ó pagamento.

Están obrigados ó pagamento do prezo público regulado nesta Ordenanza os beneficiarios do servizo. Terán a condición de beneficiarios, no seu caso, os asinantes do contrato.

ARTIGO 3º. Contía do prezo público e gratuidade do servizo.

1. A contía do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar é o resultado de aplicar sobre o custo que supoña a prestación do servizo por tódolos conceptos a porcentaxe que proceda segundo o parágrafo 2 deste artigo. O dito custo, que ten dous compoñentes, establécese para o ano 2003 en 7,84 euros/hora para os servizos básicos e en 4,45 euros/mes para o servizo de teleasistencia, ámbolos dous suxeitos a revisión anual previo acordo do órgano competente, a fin de mante-lo equilibrio económico do servizo.

2. Con referencia ó ano 2003, o cadro de porcentaxes en función dos ingresos mensuais e membros da unidade de convivencia é o seguinte:

Nº membros da unidade de convivencia	% ACHEGA / INGRESOS MENSUAIS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA					
	Gratuito	10%	25%	50%	75%	100%
1	385,50	385,51 462,61	462,62 636,10	636,11 809,58	809,59 983,07	983,08 ou mais
2	442,20	442,21 641,19	641,20 840,19	840,20 1.039,18	1.039,19 1.238,17	1.238,18 ou mais
3	663,20	663,21 829,13	829,14 994,96	994,97 1.160,79	1.160,80 1.326,61	1.326,62 ou mais
4	884,40	884,41 1.017,06	1.017,07 1.149,73	1.149,74 1.282,39	1.282,40 1.415,05	1.415,06 ou mais
5	1.105,50	1.105,51 1.216,05	1.216,06 1.326,61	1.326,62 1.437,16	1.437,17 1.547,71	1.547,72 ou mais
6	1.326,60	1.326,61 1.459,26	1.459,27 1.591,93	1.591,94 1.724,59	1.724,60 1.857,25	1.857,26 ou mais
7	1.547,70	1.547,71 1.625,09	1.625,10 1.702,48	1.702,49 1.779,87	1.779,88 1.857,25	1.857,26 ou mais
8	1.768,80	1.768,81 1.857,24	1.857,25 1.945,69	1.945,70 2.034,13	2.034,14 2.122,57	2.122,58 ou mais
9	1.889,90	1.889,91 2.089,40	2.089,41 2.188,90	2.188,91 2.288,40	2.288,41 2.387,89	2.387,90 ou mais
10	2.211,00	2.211,01 2.321,50	2.321,51 2.432,11	2.432,12 2.542,66	2.542,67 2.653,21	2.653,22 ou mais

3. Os límites de acumulación de recursos serán revisados anualmente, en función do salario mínimo interprofesional.

4. Será gratuito o servicio e, polo tanto, non existirá obriga de pagamento deste prezo, respecto dos integrantes das unidades de convivencia con ingresos que non superen os importes que se establezan segundo o número de membros das mesmas, límites revisables así mesmo segundo o parágrafo anterior.

Con referencia ó ano 2003, o cadro de gratuidade figura no parágrafo 2 deste artigo.

ARTIGO 4º.- Obriga de pagamento.

A obriga de pagamento nace dende que se inicie a prestación do servicio que terá lugar tra-la alta efectiva do usuario no Servicio de Axuda no Fogar.

ARTIGO 5.º.- Xestión e cobramento.

Autorizada a prestación do servizo polo órgano competente, o departamento de Servizos Sociais comunicará á oficina xestora dentro dos cinco primeiros días de cada bimestre natural, as autorizacións que foron atorgadas no bimestre anterior, coa expresión das persoas autorizadas, horas de servizos prestadas e cantos datos sexan necesarios para a liquidación, así como as baixas producidas no expresado período de tempo.

A oficina xestora, tendo en conta os datos facilitados polo departamento, practicará bimestralmente a correspondente liquidación, de acordo co establecido nas normas anteriores e a notificación en forma ó interesado.

O pagamento da cota resultante da liquidación efectuarase nos prazos que se determinen no Regulamento Xeral de Recadación.

ARTIGO 6.º.- Delegación.

No uso da facultade prevista no artigo 48.1 da Lei 39/1988 delégase na Comisión de Goberno a competencia para a modificación da contía deste prezo público.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Aprobación: Pleno do 10-X-97 (B.O.P. n.º 8 do 14.01.1998)

Modificacións realizadas :

- Para 1999 : Comisión de Goberno do 15.02 e do 01.03.1.999 (BOP do 06.05.1999)
- Para 2000 : Comisión de Goberno do 14.02. 2000 .
- Para 2001 : Comisión de Goberno do 12.03.2001
- Para 2002 : Comisión de Goberno do 13.05.2002
- Para 2003 : Comisión de Goberno do 17.03.2003 (BOP do 10.04.2003)